

Texto: **IVO ROSATI**

Ilustracións: **GABRIEL PACHECO**

Tradución: **SANDRA HOMBREIRO**

Encadernado en cartoné. 22x30 cm.

32 páxinas. Ilustracións a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "O home de auga"
MareMar. ISBN 978-84-8464-714-0
- Castelán: "El hombre de agua"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-02-7
- Catalán: "L'home d'aigua"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-936667-6-7
- Portugués: "O homem de água"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-14-8

Prezo: 14 €

O HOME DE AUGA

- **FINALISTA DO PREMIO ANDERSEN 08 (ÁLBUM ILUSTRADO)**
- **SELECCIONADO PARA A III BIENAL INTERNACIONAL DE ILUSTRACIÓN INFANTIL ILUSTRARTE**

Alguén deixara a billa aberta. O dono da casa nunca volveu; quen sabe onde andaría. Din que quizais marchou ás illas Fidji, ou que talvez fuxiu a buscar fortuna onde hai minas de ouro azul, alá por África. Ao final, aconteceu que a auga, a forza de acumularse, rebordar e verterse por todas as partes, fixo nacer un home, un home alto, azul, transparente e cristalino. Un home de auga.



Fresco e xeneroso como o ser acuático que o protagoniza, este relato sensible e poético enxalza o valor da diferenza e calma a sede de palabras, emocións e sensacións dos lectores. Conta que quen viu o home de auga confundiuo cun charco, unha fonte. Outros asustáronse. Alguén mesmo chamou á policía. E aínda perseguido, o home de auga deixaba un rastro de ben ao seu paso. Pero esta historia, aconteceu de verdade ou é unha lenda?

GABRIEL PACHECO (México DF, 1973)

Graduado en Escenografía pola Escola Nacional de Teatro do Instituto Nacional de Belas Artes e Literatura (INBA). A súa irmá, deseñadora e especialista no eido infantil, introduciuno na ilustración de álbums para nenos e mozos, un traballo que desenvolve dende 1997 con "liberdade e desenfado". A evocación e o diálogo co pasado son as claves do seu traballo: "Podes pintar unha árbore vermella ou unha mazá azul, non hai límites", ten dito Pacheco. recibiu diversos galardóns, entre os que destacan o premio do X Concurso Internacional de Ilustración Città de Chioggia (Venecia) en 2004 e o Premio Internacional do Libro Ilustrado de México en 2000 e 2002. Traballou para editoriais como Alfaguara, Santillana ou SM. É ilustrador do álbum "O poliño da abeleira", de KALANDRAKA.



- **Temática:** a convivencia, a diferenza
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de tons suaves; metáforas visuais; a auga e o medio ambiente